

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO INMOBLE DO COMPLEXO "MONTE DA CONDESA" DA USC PARA A SEDE E DEPENDENCIAS DA ADOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) asinaron o día 05.05.2022 o convenio referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente por un período de catro anos, susceptibles de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a cesión de uso do inmovible propiedade da USC, ala sur do antigamente denominado "Hospital Materno-Infantil", sito no Monte da Condesa, cunha superficie aproximada de 2.290 m² á ADOS. A dirección actual do inmovible obxecto da cesión é Rúa Xoaquín Díaz de Rábago, 2 – 6, 15705 Santiago de Compostela. O destino que ADOS dará ao mencionado inmovible é o de albergar a sede, dependencias e instalacións necesarias para a execución das actividades propias da ADOS, de acordo cas contidas nos seus propios estatutos.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela